

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 4 DE DECEMBRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de Lei do emprego público de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da vía Clara Campoamor, no Concello de Vigo (Clave: PO/14/053.03).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se institúen os premios de responsabilidade social empresarial de Galicia (Premios RSE Galicia).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os concellos galegos do Camiño Francés para actuacións de limpeza e mantemento do Camiño Francés, e de atención e información ao peregrino, por un importe de trescentos sesenta e un mil euros con oitocentos setenta e cinco euros (361.875,00 euros).



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello da Lama para a execución da obra: “Mellora do abastecemento nas parroquias da Lama e Antas” no Concello da Lama (Pontevedra)”, clave OH. 236.1001, por un importe dun millón oitocentos oitenta e tres mil oitocentos corenta e dous euros con trinta e sete céntimos (1.883.842,37 euros). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello da Coruña para a execución dun aparcadoiro disuasorio en Lonzas (A Coruña), cofinanciado con fondos FEDER no marco do programa operativo FEDER Galicia 2007-2013, por un importe de setecentos cinco mil cento corenta e seis euros con setenta e un céntimos (705.146,71 euros). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Boiro (A Coruña) para a “Obra de adecuación e clausura dun vertedoiro de residuos da construción e demolición”, por un importe de trescentos corenta e sete mil euros cento dez con oitenta e sete céntimos (347.110,87 euros). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Ponte Caldelas (Pontevedra) para a obra de construción dun punto limpo, por un importe de trescentos trinta e cinco mil novecentos setenta e nove euros con noventa e sete céntimos (335.979,97). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Frades (A Coruña) para a obra de construción dun punto limpo, por un importe de trescentos vinte mil noventa euros con oitenta e seis céntimos (320.090,86 euros). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Outeiro de Rei (Lugo) para a “construción dun punto limpo” por importe de trescentos dezaoto mil trescentos oitenta e tres euros con trinta e nove céntimos (318.383,39 euros). Tramitación anticipada de gasto.



- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Baralla (Lugo) para a obra de construción dun punto limpo, por un importe de douscentos oitenta e nove mil seiscientos euros con trinta e dous céntimos (289.600,32 euros). Tramitación anticipada de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo de recoñecemento, autorización e cualificación da Casa Museo Valle-Inclán en Vilanova de Arousa (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, da subministración sucesiva de medicamentos, con destino ás Estruturas de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde, por un importe de dous millóns oitocentos cinco mil cento sesenta e oito euros con sesenta e dous céntimos (2.805.168,62 euros), IVE incluído, e un importe estimado de sete millóns doce mil novecentos vinte e un euros con oitenta e un céntimos (7.012.921,81 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre a carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia.



A NOVA LEI DE EMPREGO PÚBLICO SITUARÁ GALICIA Á VANGARDA NA MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN E NO RECOÑECIMENTO DOS SEUS EMPREGADOS

- *A lei beneficiará os funcionarios e o conxunto da cidadanía, xa que se prestará un mellor servizo público cun marco común para todas as administracións de Galicia, que será das primeiras comunidades en adaptar a normativa estatal*
- *Implántase a carreira horizontal para fomentar a promoción profesional dos empregados públicos*
- *Tamén se incentiva o traballo do funcionario mediante a valoración do desempeño, na cal a Xunta garantirá unha avaliación obxectiva e imparcial*
- *Galicia será a primeira comunidade que suprime o complemento retributivo para ex altos cargos, que xa leva suspendido desde 2012*
- *Créase un fondo para que os empregados públicos recuperen paulatinamente o complemento específico nas dúas pagas extra*
- *A Xunta adiantará a 2015 a devolución de toda a paga extra devengada de 2012, e o resto da paga tamén se regulará neste fondo*
- *Esta normativa establece a cobertura das xefaturas de servizo por concurso, e facilitará a mobilidade dos empregados*
- *Auméntase a estabilidade do persoal laboral fixo con funcións de persoal funcionario, que poderá acceder a procesos de funcionarización*
- *O Goberno galego mantivo un proceso negociador cos sindicatos que permitiu incorporar ao texto máis de 150 alegacións*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de emprego público de Galicia, unha normativa que situará Galicia á vangarda na modernización da Administración e no recoñecemento dos seus empregados. Esta lei, que substitúe a normativa vixente desde 1988, responde a unha demanda histórica dos empregados públicos e beneficiará todos os traballadores e ao conxunto da cidadanía, porque se moderniza a Administración para prestar un mellor servizo público.

A nova lei introducirá por primeira vez na historia da Autonomía un marco común para todas as administracións da Comunidade (Xunta, entidades locais, universidades...), de modo que Galicia será unha das primeiras autonomías en adaptar á lexislación autonómica o Estatuto básico do empregado público. Ata agora só dúas comunidades fixeron este proceso.

Outra das novidades é que se incentiva o traballo do empregado mediante a valoración do desempeño, na cal a Xunta garantirá unha avaliación obxectiva e imparcial. Na regulación dos sistemas de avaliación participarán as organizacións sindicais, e un dos obxectivos fundamentais é estimular a formación e a eficiencia do traballador público. En todo caso, estes sistemas aplicaranos órganos especializados dotados de autonomía funcional.



A lei implanta tamén a carreira horizontal para impulsar a promoción profesional dos empregados públicos, permitindo a progresión sen o cambio de posto de traballo. A progresión na carreira horizontal terá carácter consolidable, agás nos casos de sanción disciplinaria de demérito.

A lei tamén facilitará a mobilidade dos empregados públicos, ampliando do 5% ao 7% os postos abertos á provisión por funcionarios doutras administracións. Esta normativa reduce a burocracia e simplifica a organización administrativa, reforzando as funcións de coordinación e de representación do persoal das mesas xerais de negociación dos empregados públicos, e queda garantida a participación das organizacións sindicais.

Supresión do plus de ex altos cargos

Galicia será a primeira comunidade que suprime por lei o complemento retributivo para ex altos cargos da Administración autonómica, aprobado en 2007 e cuxo pagamento xa leva suspendido desde 2012.

Ao mesmo tempo, a lei establece un fondo retributivo para que os empregados públicos da Xunta recuperen paulatinamente o complemento específico nas dúas pagas extraordinarias, así como a devolución do 100% da paga extraordinaria de nadal de 2012, que foi suprimida polo Goberno para o conxunto das administracións. Ademais, o Goberno galego adiantará a 2015 a devolución da totalidade da paga extra devengada.

Co obxectivo de fomentar a profesionalización da Administración, a lei establece que a provisión das xefaturas de servizo se fará por concurso, e introdúcese a figura do persoal directivo, que será avaliado periodicamente con base en criterios obxectivos e terá responsabilidade pola xestión realizada, ao tempo que se controlarán os seus resultados.

Na Administración xeral, entidades locais e universidades o persoal directivo terá que ser persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo, e nas entidades públicas instrumentais excepcionalmente poderán ser outras persoas que reúnan condicións análogas de idoneidade. Igualmente, a lei establece que os plans de recursos humanos permitirán optimizar os recursos humanos ao servizo da Administración.

Procesos de funcionarización

A normativa tamén aumenta a estabilidade do persoal laboral fixo con funcións de persoal funcionario, que poderá acceder a procesos de funcionarización. Esta medida permitirá aumentar a polivalencia dos empregados públicos, xa que poderán ocupar diferentes postos de traballo, ao tempo que se incrementará a súa produtividade sen que isto se traduza nun maior custo para a Administración.

De igual xeito, as administracións aplicarán por lei unha discriminación positiva para as empregadas públicas vítimas de violencia de xénero, mentres que as medidas de conciliación familiar e laboral terán rango de lei.



A aprobación deste proxecto de lei prodúcese logo dun proceso de negociación coas organizacións sindicais, o que permitiu incorporar ao texto máis de 150 alegacións presentadas polos representantes dos traballadores.



A XUNTA APROBA O DECRETO DE UTILIDADE PÚBLICA PARA MELLORAR A AVENIDA CLARA CAMPOAMOR DE VIGO E GARANTIR OS ACCESOS AO NOVO HOSPITAL PÚBLICO DA CIDADE

- ***A mellora da vía Clara Campoamor ten por obxectivo canalizar os tráficoos do novo Hospital de Vigo***
- ***Para a execución das obras é necesaria a expropiación de case 3.000 m2 de terreos distribuídos en 40 predios***


O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de utilidade pública e polo que se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de mellora da Avenida Clara Campoamor en Vigo.

Para execución das obras, tal e como están a ser proxectadas, será necesaria a expropiación de 2.931,4 m2 de terreo, distribuídos en 40 predios. O proxecto de trazado foi aprobado pola Axencia Galega de Infraestruturas, quen licitou as obras o pasado 29 de outubro.

Coa aprobación deste decreto péchase o trámite para a disposición dos terreos necesarios para que a Xunta de Galicia execute mellora desta vía para a súa conexión co Hospital Público de Vigo, que se iniciará en 2015. Na actualidade, estanse a analizar as 19 ofertas recibidas, co fin de adxudicar a finais deste ano, principios de 2015.

O obxectivo da actuación é canalizar os fluxos de tráfico con destino e orixe no centro sanitario, e a mellora da avenida Clara Campoamor, co fin de que a incorporación a esta sexa axeitada. Para conseguilo, actuarase nun treito dunha lonxitude de 590 metros, no que se proxecta a ampliación da plataforma da avenida para incrementar a súa capacidade, a execución dunha nova glorieta para facilitar o acceso á entrada principal do hospital e un semienlace para a zona das urxencias deste centro hospitalario. O carril de uso exclusivo para urxencias cruza o río Barxa mediante un pequeno viaduto e desemboca na glorieta do hospital.





A actuación comeza na glorieta do enlace co segundo cinto de circunvalación de Vigo (VG-20), e prevese a construción dunha nova saída exclusiva para acceso ao hospital. Esta vía bifúrcase en dous carrís, un para acceso exclusivo de urxencias e o outro que continúa como ramal de servizo ata á entrada principal do Hospital. Así, a avenida neste treito engadirá aos actuais dous carrís por sentido, outros dous carrís de acceso ao centro.

Beneficios para os cidadáns

Nesta zona permítese a saída dos vehículos do hospital á avenida. Así, a poboación dos concellos que pertencen á área sanitaria de Vigo veranse beneficiados.

Para complementar a obra, permitindo un cambio de sentido, executarase unha nova glorieta con dous carrís de 4 metros de largo, unha beiravía interior de 1,5 metros e exterior de 0,5 metros. Finalmente, executarase unha senda peonil para conectar esta glorieta norte coa que dará acceso ás urxencias do hospital.

OS 'PREMIOS RSE GALICIA' PARA RECOÑECER O LABOR DAS FIRMAS NO EIDO DA RESPONSABILIDADE SOCIAL CONVOCARANSE NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2015

- ***A Consellería de Traballo e Benestar crea estes galardóns que se celebrarán anualmente***
- ***Terán un carácter honorífico e contarán con tres categorías para premiar ás pequenas, medianas e grandes empresas***
- ***Os premios inclúen catro modalidades: recoñecemento no ámbito social, no eido ambiental, económico e da conciliación laboral, familiar e persoal***
- ***Poderán optar as empresas públicas ou privadas galegas ou que contén con centros de traballo en Galicia***
- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto que regula a convocatoria destes galardóns***

A Consellería de Traballo e Benestar crea os 'Premios RSE Galicia' que recoñecerán publicamente aquelas empresas galegas ou con centros de traballo en Galicia que nas súas políticas e sistemas de xestión implanten e poñan en funcionamento os principios e prácticas de responsabilidade social empresarial. Para a constitución destes galardóns, que se celebrarán por primeira vez en 2015, o Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regula a convocatoria destes galardóns, que terán un carácter honorífico e unha periodicidade anual. En concreto, a Xunta prevé que os premios se convoquen no primeiro semestre de 2015.

Os galardóns carecerán de dotación económica, xa que se trata de recoñecer publicamente o labor que realizan as empresas que adoptan principios e prácticas de RSE. É unha maneira de difundir publicamente o esforzo que neste campo levan a cabo as empresas galegas nas comunidades onde desenvolven a súa actividade e ao mesmo tempo, sensibilizar o empresariado galego sobre a importancia de incorporar a RSE na súa xestión. O Goberno galego tamén pretende con esta iniciativa concienciar á opinión pública sobre a importancia desta forma de xestión empresarial.

Tres categorías e catro modalidades

Os 'Premios RSE Galicia' contarán con tres categorías segundo o tamaño da firma: pequena empresa para aquelas que contén ata con 50 persoas, inclusive; mediana empresa, máis de 50 e ata 250 traballadores e traballadoras, inclusive, e, por último, grande empresa para aquelas que ocupen máis de 250 persoas.

O certame contará con catro modalidades ou recoñecementos: o ámbito social, o eido ambiental, económico e da conciliación laboral, familiar e persoal. O fomento da conciliación vai en consonancia co Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013-



2016, Horizonte 2020, que inclúe entre as súas medidas o fomento de actuacións de conciliación entre as pequenas e medianas empresas.

No eido social teranse en conta aspectos tales como a creación e calidade do emprego, a diversidade, igualdade, integración social, formación, acción social, compromiso coa comunidade local ou calquera outro que redunde neste ámbito. No eido ambiental premiarase o impacto ambiental que xera a empresa na súa actividade e no económico teranse en conta aspectos tales como a innovación, a calidade e a ética empresarial.

Por último, no recoñecemento no ámbito da conciliación laboral, familiar e persoal valoraranse as actuacións que faciliten no seu cadro de persoal a conciliación a través de medidas como a reorganización de tempos e espazos; recursos e estruturas para o coidado doutras persoas; medidas que posibiliten o seu desenvolvemento persoal; ou a modificación de roles entre mulleres e homes que fomenten a implicación de ambos coa familia.

Aos galardóns poderán optar as empresas públicas e privadas galegas que a través das súas políticas e sistemas de xestión desenvolvan actuacións responsables demostrando, así, o seu compromiso activo coa sociedade, sempre que cumpran os requisitos establecidos na orde de convocatoria. Non poderán optar aos premios as entidades sen ánimo de lucro.

Un xurado de profesionais

Estes premios, cuxa resolución de concesión se publicará no Diario Oficial de Galicia (DOG), serán outorgados no transcurso dun acto público. A decisión dos galardóns correrá a cargo dun xurado que estará composto por membros da Xunta, así como por representantes das organizacións empresarias e sindicais máis representativas de Galicia. Tamén formarán parte persoas expertas en materia de RSE.

A convocatoria destes premios está prevista no Plan estratéxico galego de responsabilidade social empresarial (2012-2014), que ten entre os seus obxectivos fomentar a RSE para incrementar o número de empresas socialmente responsables.



TURISMO DE GALICIA E OS CONCELLOS DO CAMIÑO FRANCÉS ASINARÁN UN CONVENIO PARA A LIMPEZA E MANTENEMENTO DA RUTA E A ATENCIÓN E INFORMACIÓN AOS PEREGRINOS

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e os concellos galegos do Camiño Francés***
- ***Turismo de Galicia financiará as actuacións por un importe total de 361.875€***
- ***No que vai de ano, realizaron o Camiño Francés máis de 160 mil peregrinos, sendo esta ruta escollida por preto do 70% dos peregrinos que chegan a Santiago***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos do Camiño Francés.

O acordo definirá os termos de colaboración entre Turismo de Galicia e os Concellos de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela.

En virtude do convenio, os concellos que atravesa a ruta en Galicia obríganse á:

- Limpeza e conservación do Camiño Francés, coas actuacións de limpeza de residuos e roza da maleza por medios manuais e a súa retirada, e a adopción de medidas para evitar a deterioración ou destrución do camiño.

- Atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos peregrinos mediante a contratación de persoal con formación en turismo e coñecementos do Camiño de Santiago de xuño a setembro, a actualización continua das páxinas web e a edición de material informativo.

Turismo de Galicia, pola súa parte, financiará as actuacións por un importe de 361.875 euros, dos cales 273.875 euros se dedicarán ás actuacións de limpeza e conservación do Camiño Francés e 88.000 euros serán para a atención e información continuada e específica do Camiño e do fito xacobeo.

O dito convenio estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2015.

A ruta escollida polo 68,13% dos peregrinos

No que vai de ano, chegaron a Santiago de Compostela máis de 236 mil peregrinos, dos cales máis da metade son estranxeiros. O incremento de peregrinos que chegaron a Santiago por todas as rutas que conforman o Camiño supera o 10% se temos en conta o mesmo período do 2013.



O Camiño Francés foi a ruta máis transcorrida, pois é a escollida por preto do 70% dos peregrinos que este ano selaron a súa Compostela na rúa do Vilar de Santiago. En total, máis de 160 mil peregrinos fixeron o Camiño Francés no que vai de ano.



A XUNTA MELLORARÁ O SISTEMA DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DA LAMA MEDIANTE A EXECUCIÓN DUNHA NOVA CAPTACIÓN E UNHA ETAP, QUE CONTARÁN CUN INVESTIMENTO DE 1,8 MILLÓNS DE EUROS

- ***A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas financia a totalidade destas actuacións hidráulicas***
- ***Este novo sistema de abastecemento para as parroquias da Lama e Antas prevé unha captación por dous pozos filtrantes e unha estación de tratamento de auga potable (ETAP) ao pé do río Verdugo***
- ***A ETAP está deseñada para un caudal de 14 l/s, desde a que se bombeará a auga ata un novo depósito de cabeceira localizado no Monte Peón***
- ***O novo depósito de cabeceira comunícase cos depósitos existentes da Lama, co do polígono industrial de Racelo e co que abastece a parroquia de Antas***
- ***A Xunta colabora a nivel técnico e financeiro cos concellos galegos co fin de dotalos daquelas infraestruturas de que carecen, mellorando a calidade de vida dos cidadáns, neste caso, preto de 1.455 veciños da Lama***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a colaboración técnico-financieira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello da Lama para a execución da obra de mellora do abastecemento nas parroquias da Lama e Antas.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, achegará un importe económico de 1,8 millóns de euros para a execución destas actuacións hidráulicas no citado municipio pontevedrés, financiando así a totalidade deste proxecto.

Na actualidade, o sistema de abastecemento presenta un funcionamento diferente segundo a época do ano, xa que en inverno a rede aliméntase a través de mananciais que surten tres depósitos situados no Monte do Ceo, e no verán os mananciais e pozos secan, polo que a parroquia da Lama se abastece dos excedentes do bombeo do río Verdugo.

A Xunta, mediante estas actuacións proxectadas, pretende levar a cabo as actuacións necesarias para dotar a parroquia da Lama dun novo abastecemento que tamén dará servizo á zona de Antas e ao parque empresarial de Racelo.

As obras consisten na execución dun novo sistema de abastecemento para as parroquias da Lama e Antas. Proxéctase unha nova captación mediante dous pozos filtrantes e unha estación de tratamento de auga potable (ETAP) ao pé do río Verdugo.

A ETAP está deseñada para un caudal de 14 l/s, desde a que se bombeará a auga uns 205 metros, mediante unha impulsión de tubaxe de fundición de 125 mm, ata un novo



depósito de cabeceira localizado no Monte Peón, cunha capacidade de 700 m³, executado en formigón armado repartido en dous vasos de 350 m³.

O novo depósito de cabeceira comunícase cos tanques existentes da Lama, a través dunha nova condución de fundición de 110 mm, duns 1.150 metros de lonxitude; co depósito do polígono industrial de Racelo, mediante unha tubaxe de fundición de 110 mm, duns 2.425 metros de lonxitude; e co tanque que abastece a parroquia de Antas, mediante un ramal que parte da condución que une o depósito de cabeceira co do polígono, cunha lonxitude duns 300 metros e diámetro 90 mm.

A Xunta de Galicia, coa execución deste tipo de obras, pretende garantir a subministración de auga en calidade e cantidade á cidadanía, en cumprimento da Directiva Marco da Auga. O departamento que dirixe Ethel Vázquez colabora a nivel técnico e financeiro cos concellos galegos co fin de dotalos daquelas infraestruturas de que carecen, mellorando a calidade de vida dos cidadáns, neste caso, preto de 1.455 veciños da Lama.



XUNTA E CONCELLO DA CORUÑA COLABORAN NA EXECUCIÓN DO APARCADOIRO DISUARIO DE LONZAS, QUE DISPORÁ MÁIS DE 170 PRAZAS


- *As obras serán licitadas por un importe de 700.000 euros, tras a sinatura do convenio de colaboración*
- *A parcela está situada no contorno da glorieta de conexión da AC-14 coa rolda de San Cristovo, no núcleo de San Cristovo das Viñas*
- *A boa conexión coa rede viaria de accesos á cidade da Coruña, a través da AC-14 no nó de Lonzas e da Avenida Salgado Torres*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello da Coruña para a execución dun aparcadoiro disuasorio de Lonzas, no termo municipal da Coruña, co que se habilitarán máis de 170 prazas de novos aparcamentos.

O aparcadoiro executarase nunha parcela proposta polo Concello da Coruña, expropiada polo Ministerio de Fomento para a execución das obras da autovía de acceso á Coruña (AC-14), no tramo Lonzas-A Zapateira. O espazo atópase no contorno da glorieta de conexión da AC-14 coa Ronda de San Cristovo, no núcleo de San Cristovo das Viñas. Esta localización permítelle unha boa conexión coa rede viaria de accesos á cidade da Coruña a través da autovía AC-14 no nó de Lonzas e da avenida Salgado Torres.

No relativo á súa urbanización, prevese a colocación de zonas verdes nos espazos libres do aparcadoiro para mellorar a estética e a drenaxe profunda, utilízase na zona de aparcadoiro pavimento de adoquín de formigón con ocos que permiten o crecemento de céspede, e tamén se iluminará a parcela con sistemas de iluminación led de baixo consumo. A actuación complementase coa reposición dun camiño peonil existente na actualidade, que serve para o acceso dos veciños de San Cristovo das Viñas á zona da igrexa.





Coa sinatura do convenio, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asumirá os compromisos de licitar, executar, dirixir e financiar as obras, segundo o proxecto redactado e aprobado por este organismo, e de financiarlas ata un máximo de 705.146,71 (100%) con anualidade en 2015.

Pola súa banda, o Concello da Coruña redacta o proxecto construtivo e ademais porá á disposición da AXI os terreos necesarios libre de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras, obterá os permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, e asumirá, unha vez realizadas as obras, a titularidade da infraestrutura e, polo tanto, a súa explotación, mantemento e conservación.



A Xunta destaca que este tipo de actuacións fomentan a mobilidade urbana e interurbana sustentable, mellora as condicións de mobilidade e accesibilidade das persoas ao promover infraestruturas que faciliten o intercambio entre modos de transporte e potencien a utilización de medios de transporte públicos e os desprazamentos menos contaminantes.

Cómpre lembrar que o Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica (Plan MOVE) prevía, dentro das actuacións de apoio á mobilidade, a execución de aparcadoiros disuasorios. Enmarcado dentro deste obxectivo, e en colaboración co Concello da Coruña, foi redactado un proxecto para acondicionar un espazo sen urbanizar na zona de Lonzas, nunha parcela expropiada para a execución das obras da Autovía de Acceso á Coruña (AC-14), tramo Lonzas-A Zapateira, para aparcadoiro.

Mobilidade sustentable

Unha das liñas fundamentais da Consellería de Medio Ambiente é o fomento dunha mobilidade sustentable, é dicir, un modelo de mobilidade baseado no uso de modos colectivos e outros xeitos alternativos ao emprego indiscriminado do coche, tanto no ámbito interurbano e metropolitano. No marco destas actuacións sitúase a promoción dos aparcadoiros disuasorios como elementos que van permitir o aforro enerxético e unha redución da pegada de carbono por medio do fomento do transporte público e das viaxes compartidas (car-pooling).

Estes espazos pretenden reducir a conxestión de tráfico, promover o uso do transporte sustentable e incrementar a eficiencia no emprego do transporte e das infraestruturas.

Con este proxecto a Xunta pretende diminuír o tempo de desprazamento ao obter a máxima eficiencia en cada etapa de viaxe; potenciar o uso do transporte público e evitar a mobilidade en vehículo privado en vías e zonas conxestionadas.

As actuacións formuladas no plan para potenciar o uso dos aparcadoiros disuasorios consistirán, entre outras, na posta en marcha dunha sinalización común para todos de xeito que os cidadáns os identifiquen claramente nos accesos ás cidades. Ademais, acordarase cos concellos as modificacións necesarias na oferta de transporte para conectalo adecuadamente coas áreas de intercambio modal, e poranse en marcha vantaxes como unha tarificación conxunta para o intercambio entre o vehículo privado e o transporte público.



A XUNTA DESTINARÁ PRETO DE 350.000 EUROS Á CLAUSURA DUN VERTEDOIRO DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN NO CONCELLO DE BOIRO

- *Esta antiga instalación atópase no lugar de Runs, antes ocupados por unha canteira e que leva anos de inactividade, polo que se procede á súa selaxe*
- *O obxectivo desta actuación é evitar a vertedura incontrolada de residuos, rexenerando a zona afectada, de xeito que quede integrada de novo no medio para beneficio dos cidadáns*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Boiro para a obra de clausura do vertedoiro de residuos da construción e demolición do Concello de Boiro, por un importe de 350.000 euros.

Este proxecto centrarase na selaxe do antigo vertedoiro da situado nunha antiga canteira en Runs, no termo municipal de Boiro a uns 200 metros da zona urbana do dito lugar, sendo os terreos de propiedade do Concello de Boiro.

Os traballos que se van realizar coa obra proxectada pasan polo acondicionamento dos residuos co obxecto de lograr unha distribución estable, a súa selaxe e o control de augas de escorremento e lixiviados. Con estas obras preténdese evitar a vertedura incontrolada de residuos, ao tempo que se reducen os potenciais riscos para a saúde pública, a paisaxe e o ambiente. Ademais, esta actuación permitirá rexenerar a zona afectada, de xeito que quede integrada de novo no medio para beneficio dos cidadáns.

Estas instalacións, que xa esgotaron a súa capacidade, permanecen inactivas na actualidade, polo que debe acometerse a súa clausura en condicións de seguridade ambiental de acordo coa normativa de referencia na materia (Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiros).

A actuación de selaxe do vertedoiro esgotado concíbese como unha recuperación ambiental do espazo que ocupa e da súa contorna, comprendendo como accións máis destacadas a retirada de voluminosos, o reacondicionamento e recolocación de residuos ou a recuperación da topografía do terreo. Outras accións destacables son a restauración mediante cobertura de solos e implantación de cuberta vexetal e a integración ambiental e paisaxística.

Así, os traballos consistirán no reperfilado de residuos, impermeabilización superior do vertedoiro, control de augas de escorremento, control de augas de infiltración, revexetación e integración ambiental.



A XUNTA INVESTIRÁ CASE 336.000 EUROS NO PUNTO LIMPO DE PONTE CALDELAS, DENTRO DO SEU APOIO ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DE RESIDUOS

- ***O investimento das actuacións en execución ou proxectadas para o vindeiro ano ascende a 1,6 millóns de euros***
- ***Os puntos limpos permitirá aos case 6.000 cidadáns do concello Ponte Caldelas realizar o depósito de residuos que requiran dunha xestión específica para a súa reciclaxe***
- ***Concretamente, executarase unha infraestrutura para o depósito daqueles materiais que polas súas características non se poden depositar nos contedores da rúa, tales como pilas, fluorescentes, baterías, colchóns e electrodomésticos, entre outros***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello pontevedrés de Ponte Caldelas para a construción dun punto limpo neste municipio. Esta actuación enmárcase no desenvolvemento do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 e contará cunha achega económica do Executivo autonómico de case 336.0000 euros.

Esta instalación, cuxo mantemento deberá asumir o concello, permitirá o depósito e clasificación daqueles residuos urbanos ou domésticos que requiran dunha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade, co fin de separar os residuos xerados nos fogares que representen un risco para o ambiente ou a saúde coma os medicamentos, pilas e pinturas, entre outros; evitar a vertedura incontrolada de entullos e residuos voluminosos como mobles ou electrodomésticos; e facilitar a recuperación dos recursos contidos nos residuos para a súa reciclaxe.

O punto limpo permitirá aos case 6.000 cidadáns do concello Ponte Caldelas realizar o depósito de residuos que requiran dunha xestión específica para a súa reciclaxe. Estas instalacións permiten aos cidadáns o depósito de residuos para a súa posterior separación e clasificación, mellorando a loxística na xestión e permitindo:

- ✓ Evitar a súa vertedura incontrolada e os conseguintes impactos sobre a saúde pública, a paisaxe e o ambiente.
- ✓ Facilitar a abaratar os procesos de valorización de residuos (recuperación e reciclaxe), dando cumprimento ás exixencias europeas en materia de xestión de residuos.
- ✓ Aproveitar os materiais contidos nos residuos reducindo o consumo de materias primas e recursos naturais.



Concretamente, executarase unha infraestrutura para o depósito daqueles materiais que polas súas características non se poden depositar nos contedores da rúa, tales como pilas, fluorescentes, baterías, colchóns, electrodomésticos, etc

Esta iniciativa estende e reforza a rede de puntos limpos municipais financiados pola Xunta na comunidade galega. A Xunta de Galicia leva construídos un total de 27 novos puntos limpos no que vai de lexislatura. O investimento das actuacións en execución ou proxectadas para o vindeiro ano ascende a 1,6 millóns de euros

Desde outubro de 2012 ata a actualidade (actual lexislatura), a CMATI executou 14 novos puntos limpos

-A Coruña: Porto do Son, Fene-Cabanas e Sada

-Lugo: Cervo e Trabada

-Ourense: O Pereiro de Aguiar, Castro Caldelas, San Cibrao das Viñas, Vilamartín de Valdeorras, O Carballiño e A Veiga.

-Pontevedra: Vila de Cruces, Mos e Nigrán

A estes, hai que sumar os 13 puntos limpos que a Xunta de Galicia construíra na Comunidade na anterior lexislatura (2009-2012): A Peroxa, A Pobra de Trives, Terras de Celanova e Bande, na provincia de Ourense; en Guntín e Quiroga, na provincia de Lugo; na provincia da Coruña están situados nos concellos das Somozas, Curtis, Melide, Sobrado dos Monxes e Negreira; e nos concellos de Covelo e Cangas en Pontevedra.

Situación actual da rede de puntos limpos

A rede deste tipo de infraestruturas que na actualidade existe en Galicia elévase a 139 instalacións de puntos limpos, que dan cobertura e servizo a 223 concellos galegos, é dicir, ao 86,8% da poboación galega.

Desta rede, un total de 27 novos puntos limpos foron construídos dende o ano 2009, e dende outubro de 2012 ata a actualidade, executáronse 14 novos puntos limpos: tres na provincia da Coruña (Porto do Son, Fene-Cabanas e Sada), dous na de Lugo (Cervo e Trabada), seis na provincia de Ourense (Pereiro de Aguiar, Castro Caldelas, San Cibrao das Viñas, Vilamartín de Valdeorras, O Carballiño e A Veiga), e, por último, outras tres na de Pontevedra (Vila de Cruces, Mos e Nigrán).

A previsión da Xunta é ampliar esta rede de puntos limpos con cinco instalacións máis, que son os de Frades, Baralla, Outeiro de Rei, Lobios e Ponte Caldelas. Nun prazo máis amplo, o novo Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos prevé que o número de instalacións deste tipo se aproxime ás 300 antes de finais de 2020. O investimento previsto pola Xunta para a creación e xestión de novos puntos limpos, así como o mantemento dos xa existentes, ascende a máis de 21 millóns de euros. O investimento



das actuacións en execución ou proxectadas para o vindeiro ano ascende a 1,6 millóns de euros.



MEDIO AMBIENTE COLABORA CON MÁIS DE 300.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO PUNTO LIMPO DE FRADES

- *O departamento que dirixe Ethel Vázquez subvenciona o 100% desta actuación, que se poderá iniciar no vindeiro ano*
- *Trátase dunha medida de apoio á entidades locais para a xestión dos residuos que permitirá aos máis de 2.000 habitantes deste municipio realizar o depósito de residuos que requiran dunha xestión específica para a súa reciclaxe*
- *A Xunta construíu 139 instalacións deste tipo na comunidade galega, e cinco máis atópanse en fase de desenvolvemento*
- *O investimento nas actuacións deste tipo en execución ou proxectadas para o vindeiro ano ascende a 1,6 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello de Frades, para a construción dun punto limpo neste municipio da provincia da Coruña.

Esta actuación enmárcase no desenvolvemento do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 e contará cunha achega económica do Goberno galego de 320.000 euros, é dicir, o 100% do importe necesario para a súa construción.

O futuro punto limpo de Frades permitirá realizar a xestión de residuos sólidos urbanos ou domésticos que requiran dunha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade.

Entre os obxectivos fundamentais desta infraestrutura, atópanse os de separar os residuos xerados nos fogares que representen un risco para o medio ambiente ou a saúde; evitar a vertedura incontrolada de entullos e residuos voluminosos como mobles ou electrodomésticos; e facilitar a recuperación dos recursos contidos nos residuos para a súa reciclaxe.

A parcela en que se situará dita instalación, de titularidade municipal, ten unha extensión de 9.280 m², situada nas proximidades do local social de Céltigos, e beneficiará a os máis de 2.000 habitantes de Frades.

As obras que se van executar para a construción do punto limpo centraranse no movemento de terras; urbanización e axardinamento; colocación das instalacións xerais; a construción da oficina de recepción, almacén de residuos especiais e depósito para residuos de aparellos eléctricos. Tamén se procederá a executar o peche perimetral e as portas de acceso, así como os contedores e sinalización.



Esta iniciativa estende e reforza a rede de puntos limpos municipais financiados pola Xunta na comunidade galega, que con estas novas infraestruturas contará con case 150 instalacións, das cales 139 están rematadas e cinco en fase de proxecto, licitación e construción.

Obxectivos

Esta actuación permitirá aos cidadáns de Frades realizar o depósito de residuos para a súa posterior separación e clasificación, mellorando a loxística na xestión e posibilitando:

- Evitar a súa vertedura incontrolada e os conseguíntes impactos sobre a saúde pública, a paisaxe e o ambiente.
- Facilitar a abaratar os procesos de valorización de residuos (recuperación e reciclaxe), dando cumprimento ás exixencias europeas en materia de xestión de residuos.
- Aproveitar os materiais contidos nos residuos reducindo o consumo de materias primas e recursos naturais.

Situación actual da rede de puntos limpos

A rede deste tipo de infraestruturas que na actualidade existe en Galicia elévase a 139 instalacións de puntos limpos, que dan cobertura e servizo a 223 concellos galegos, é dicir, ao 86,8% da poboación galega.

Desta rede, un total de 27 novos puntos limpos foron construídos desde o ano 2009, e desde outubro de 2012 ata a actualidade, executáronse 14 novos puntos limpos: tres na provincia da Coruña (Porto do Son, Fene-Cabanas e Sada), dous na de Lugo (Cervo e Trabada), seis na provincia de Ourense (O Pereiro de Aguiar, Castro Caldelas, San Cibrao das Viñas, Vilamartín de Valdeorras, O Carballiño e A Veiga), e, por último, outras tres na de Pontevedra (Vila de Cruces, Mos e Nigrán).

A previsión da Xunta é ampliar esta rede de puntos limpos con cinco instalacións máis, que son os de Frades (cuxo convenio se autorizou hoxe no Consello da Xunta), Baralla, Outeiro de Rei, Lobios e Ponte Caldelas. Nun prazo máis amplo, o novo Plan de xestión de residuos sólidos urbanos prevé que o número de instalacións deste tipo se aproxime ás 300 antes de finais de 2020. O investimento previsto pola Xunta para a creación e xestión de novos puntos limpos, así como o mantemento dos xa existentes, ascende a máis de 21 millóns de euros, cun investimento concreto de 1,6 millóns de euros previsto no ano 2015.



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 600.000 EUROS NOS PUNTOS LIMPOS DE BARALLA E OUTEIRO DE REI, DENTRO DO SEU APOIO ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DE RESIDUOS

- ***Os puntos limpos permitirán aos máis de 8.000 cidadáns dos concellos de Baralla e Outeiro de Rei realizar o depósito de residuos que requiran dunha xestión específica para a súa reciclaxe***
- ***A Xunta construíu 139 instalacións deste tipo na comunidade galega, e cinco máis atópanse en fase de desenvolvemento***
- ***O investimento das actuacións en execución ou proxectadas para o vindeiro ano ascende a 1,6 millóns de euros***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os concellos de Baralla e Outeiro de Rei, para a construción dun punto limpo nestes dous municipios da provincia de Lugo.

Estas actuacións enmárcanse no desenvolvemento do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 e contará cunha achega económica do Goberno galego de 600.000 euros.

O futuro punto limpo de Baralla e de Outeiro de Rei permitirá realizar a xestión de residuos sólidos urbanos ou domésticos que requiran dunha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade.

Entre os obxectivos fundamentais desta infraestrutura, atópanse os de separar os residuos xerados nos fogares que representen un risco para o ambiente ou a saúde; evitar a vertedura incontrolada de entullos e residuos voluminosos como mobles ou electrodomésticos; e facilitar a recuperación dos recursos contidos nos residuos para a súa reciclaxe.

No caso de Outeiro de Rei, a parcela está situada na parroquia de Matela dunha extensión de case 7.000 m² e que na actualidade se dedica ao depósito de plásticos agrícolas.

O punto limpo de Baralla, que beneficiará a preto de 2.000 habitantes, construírse na parte noroeste dun predio da rúa Os Grobos, cunha superficie de máis de 8.000 m², da que se ocuparán uns 1.300 m² para a construción do punto limpo.

As obras que se van executar para a construción do punto limpo centraranse no movemento de terras; urbanización e axardinamento; colocación das instalacións xerais; a construción da oficina de recepción, almacén de residuos especiais e depósito



para residuos de aparellos eléctricos. Tamén se procederá a executar o peche perimetral e as portas de acceso, así como os contedores e sinalización.

Esta iniciativa estende e reforza a rede de puntos limpos municipais financiados pola Xunta na comunidade galega, que con estas novas infraestruturas contará con case 150 instalacións, das cales 139 están rematadas e cinco en fase de proxecto, licitación e construción.

Obxectivos

Esta actuación permitirá aos máis de 8.000 cidadáns dos concellos de Outeiro de Rei e Baralla realizar o depósito de residuos para a súa posterior separación e clasificación, mellorando a loxística na xestión e posibilitando:

- Evitar a súa vertedura incontrolada e os conseguíntes impactos sobre a saúde pública, a paisaxe e o ambiente.
- Facilitar a abaratar os procesos de valorización de residuos (recuperación e reciclaxe), dando cumprimento ás exixencias europeas en materia de xestión de residuos.
- Aproveitar os materiais contidos nos residuos reducindo o consumo de materias primas e recursos naturais.

Situación actual da rede de puntos limpos

A rede deste tipo de infraestruturas que na actualidade existe en Galicia elévase a 139 instalacións de puntos limpos, que dan cobertura e servizo a 223 concellos galegos, é dicir, ao 86,8% da poboación galega.

Desta rede, un total de 27 novos puntos limpos foron construídos desde o ano 2009, e desde outubro de 2012 ata a actualidade, executáronse 14 novos puntos limpos: tres na provincia da Coruña (Porto do Son, Fene-Cabanas e Sada), dous na de Lugo (Cervo e Trabada), seis na provincia de Ourense (O Pereiro de Aguiar, Castro Caldelas, San Cibrao das Viñas, Vilamartín de Valdeorras, O Carballiño e A Veiga), e, por último, outras tres na de Pontevedra (Vila de Cruces, Mos e Nigrán).

A previsión da Xunta é ampliar esta rede de puntos limpos con cinco instalacións máis, que son os de Frades, Baralla, Outeiro de Rei, Lobios e Ponte Caldelas. Nun prazo máis amplo, o novo Plan de xestión de residuos sólidos urbanos prevé que o número de instalacións deste tipo se aproxime ás 300 antes de finais de 2020. O investimento previsto pola Xunta para a creación e xestión de novos puntos limpos, así como o mantemento dos xa existentes, ascende a máis de 21 millóns de euros. O investimento das actuacións en execución ou proxectadas para o vindeiro ano ascende a 1,6 millóns de euros.



A XUNTA DE GALICIA CONCÉDELLE Á CASA MUSEO DE VALLE-INCLÁN, EN VILANOVA DE AROUSA, O RECOÑECIMENTO DE “COLECCIÓN VISITABLE”

- ***Esta consideración permite garantir a custodia e conservación dos fondos que alberga así como regular a visita pública e o acceso a este importante patrimonio material arredor da vida e obra de Ramón María del Valle-Inclán***
- ***A Casa Museo alberga primeiras edicións e exemplares de interese das obras deste escritor universal, así como diversos documentos que falan da súa relación con Vilanova, e unha colección de mobles e aparellos propios dunha casa galega de clase media culta de mediados do século XIX***

A Casa Museo de Valle-Inclán, en Vilanova de Arousa, ten xa a consideración de “colección visitable”, logo de que o Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, autorizara a dita cualificación.

O dito acordo establece que, consonte coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, esta Casa Museo reúne as condicións e requisitos necesarios para acadar a consideración de “colección visitable”, cun contido de ámbito local e centrado monograficamente na figura e obra do escritor Ramón María del Valle-Inclán.

Esta consideración permite garantir a custodia e conservación dos fondos que alberga así como regular a visita pública e o acceso a este importante patrimonio material, é dicir, poñer á disposición de todos os cidadáns o legado deste autor galego universal que se atopa na tamén denominada Casa do Cuadrante.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria elevou a proposta ao Consello da Xunta logo da solicitude realizada polo Concello de Vilanova de Arousa, que é a entidade titular e responsable da Casa Museo. O departamento de Cultura da Xunta elaborou a dita proposta logo de obter informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio e da dirección do Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal.

Requisitos

A Lei do patrimonio cultural de Galicia establece, no seu artigo 68, que se considera “colección visitable” aquela que non reúna todas as características e condicións necesarias para o seu recoñecemento como museo. Non obstante, este tipo de catalogacións deben reunir unha serie de requisitos como contar cunha colección de bens propios e inventariados, expoñerse ao público cun discurso expositivo cientificamente ordenado, contar con medidas de conservación preventiva dos seus bens así como con medidas de seguridade axeitadas, estar aberta ao público cun horario preestablecido, prestar servizo aos investigadores e situarse nun inmovible axeitado para o uso público, entre outros.



A partir da entrada en vigor da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, ata o de agora, e sen contabilizar esta aprobada hoxe, son 20 os museos, coleccións ou centros catalogados como "colección visitable" en Galicia.

Antecedentes

A Casa Museo Ramón del Valle-Inclán xorde en 1995 coma unha iniciativa do Concello de Vilanova de Arousa a partir dunha serie de peticións de diferentes entidades e asociacións culturais que levaban varios anos reclamando a recuperación da figura de Valle-Inclán no seu concello natal.

A natureza das coleccións que alberga a Casa Museo é fundamentalmente bibliográfica e documental. De feito contén as primeiras edicións e exemplares de interese das obras do escritor, así coma outros libros vinculados coa súa vida e diversos documentos municipais onde se plasma a relación de Valle-Inclán e da súa familia co Concello de Vilanova. Así mesmo, o edificio alberga unha colección de mobles e aparellos propios dunha casa galega de mediados do século XIX, que se tratou de reproducir da maneira máis fiel posible tomando como fonte de información entrevistas con familiares, criados e últimos propietarios da casa.



SANIDADE DESTINA 2,8 MILLÓNS DE EUROS PARA A COMPRA CENTRALIZADA DE MEDICAMENTOS POR VÍA PARENTERAL E INHALADA

- ***A duración do contrato é de 24 meses e o aforro estimado cífrase en 1,6 millóns de euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a compra centralizada de medicamentos por vía parenteral e inhalada para os hospitais do Servizo Galego de Saúde por un importe de 2.805.168 euros.

O expediente tramítase mediante procedemento aberto e acordo marco, suxeito a regulación harmonizada, co obxectivo de poder atender a demanda destes medicamentos na cidadanía galega. Poden concorrer todas as empresas farmacéuticas que dispoñan dos medicamentos que saen a licitación.

Estes medicamentos engloban os antineoplásicos, con actividade fronte ás células cancerosas; inmunomoduladores, empregados na prevención ou reversión do rexeitamento nos transplantes de órganos e patoloxías caracterizadas por procesos de autoinmunidade como a artrite reumatoide ou psoríase, entre outros; folinato cálcico, empregado na profilaxe e tratamento da intoxicación polos axentes antineoplásticos con actividade anti-folato; e o ácido zoledrónico, para a redución das complicacións e a dor óseo causado polo cancro en estadio avanzado propagados aos ósos.

A duración do contrato é de 24 meses e o aforro anual estimado cífrase en 800.000 euros.

Con este contrato contribúese á sustentabilidade do sistema sanitario público galego reducindo o custo do funcionamento dos procesos asistenciais nos centros do Sergas, sen afectar a calidade das prestacións e garantindo a subministración de medicamentos aos hospitais galegos.



A CARTEIRA DE SERVIZOS DE FAMILIA ABRIRÁ A PORTA A QUE UNHA MESMA INSTALACIÓN POIDA PRESTAR MÁIS DUN SERVIZO

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe o borrador deste decreto, que inicia así a súa tramitación e que se converterá na primeira norma destas características en Galicia***
- ***Ao igual que no eido da dependencia, a carteira suporá un cambio de modelo de atención, ao deixar de basearse en equipamentos para centrarse nos servizos que se poden prestar en cada un deles***
- ***Deste xeito, cada instalación poderá desenvolver máis dun servizo, sempre que os acredite correctamente e cumpra as condicións necesarias***
- ***Neste decreto, recolleranse recursos novos como as casas-niño ou o Servizo de Axuda no Fogar para a Infancia (SAFI), actuacións tamén incluídas no Plan de dinamización demográfica 2013-2016***

A nova carteira de servizos de infancia, familia e adolescencia abrirá a porta a que unha mesma instalación poida ofrecer máis dun servizo, e optimizar así os equipamentos. Ademais, e como novidade, recollerá a posibilidade de atención nocturna en casos excepcionais en dúas das súas novas medidas en materia de conciliación: no Servizo de Axuda no Fogar para a Infancia (SAFI), que se implantará principalmente nas cidades; e nas casas-niño, destinadas fundamentalmente ao medio rural.

Así se recolle no primeiro borrador deste decreto, que foi coñecido hoxe polo Consello da Xunta e que agora inicia a súa tramitación co período de alegacións. A previsión é que estea publicado no primeiro semestre de 2015. Con todo, cabe lembrar que esta primeira proposta xa foi elaborada tras un proceso en que participaron os principais entidades sociais e profesionais deste eido.

Esta carteira, ao igual que sucedeu coa destinada á dependencia, busca modificar o modelo de atención, de xeito que deixe de basearse en equipamentos e se centre en cada un dos distintos servizos que se pode prestar neles. Deste xeito, cada instalación poderá ofrecer máis dun recurso, se cumpre as condicións necesarias e os acredita. Por exemplo, unha escola infantil podería prestar tamén servizos de ludoteca ou de formación e orientación a pais e nais.

Esta nova ferramenta estrutúrase ao redor de dous eixes: a área de servizos xerais, para aquelas familias sen necesidades especiais; e a área de servizos específicos. Nesta última recóllense os recursos destinados a atender as necesidades particulares de persoas ou familias en que concorran algunha das seguintes circunstancias: familias de especial consideración (numerosas, monoparentais, con persoas maiores ou con discapacidade ao seu cargo), familias adoptantes, menores en situación de risco ou desamparo e menores infractores.



Deste xeito, ademais de permitir optimizar e diversificar as instalacións ao definir os servizos por separado, a carteira tamén promoverá un maior nivel de personalización ao diferenciar os recursos en función do colectivo a que van dirixidos.

En concreto, a carteira recolle os seguintes conceptos para cada un dos servizos: a súa denominación, modalidade e tipoloxía; o ámbito de prestación; os obxectivos; as persoas beneficiarias; a forma de acceso; ou as prestacións que incorpora.

Trátase da primeira vez que se elabora unha norma destas características, e se define o contido mínimo de cada servizo, indicando as prestacións que debe de conter.

Casas niño e SAFI

Ademais de regular servizos xa existentes, a carteira incorpora outros novos, como poden ser as casas-niño ou o Servizo de Axuda no Fogar para a Infancia. Ambos os recursos xa foron incluídos no Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013-2016 como novas actuacións destinadas a fomentar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

Deste xeito, agora dáse un paso máis ao regulalos a través desta carteira. Entre outras novidades, este borrador de decreto recolle, como xa se indicou, que ambos poderán prestarse na súa modalidade nocturna en circunstancias excepcionais.

Dentro do SAFI, inclúense tamén prestacións de apoio educativo e acompañamento fóra do domicilio, co fin de dotar o servizo da flexibilidade necesaria para facer fronte ás necesidades das familias.

Máis aló destas dúas actuacións novidosas, incorpóranse outros servizos que non existían ata o momento, como a formación e orientación a pais e nais con nenos e nenas da etapa de educación infantil.

Modelo de carteiras

En definitiva, esta ferramenta vén a ampliar e diversificar os servizos destinados ás familias e aos menores e, ao mesmo tempo, dá cobertura e segue a liña establecida polo Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013-2016.

Cabe lembrar que esta carteira se inscribe no novo modelo de prestación dos servizos sociais que está a impulsar a Consellería de Traballo e Benestar. Ademais desta carteira destinada á infancia, que xa está na súa última fase de elaboración, é preciso recordar que en novembro de 2013 xa entrou en vigor a nova carteira de servizos de atención á dependencia, e que actualmente tamén se está traballando na de persoas con autonomía e na de inclusión.

